



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN abril – maio 2017

3 de abril: entregamos...



Lo que esconde tu nombre, de Clara Sánchez

Sandra decidiu retirarse a un pobo da costa levantina: deixou o traballo e, embarazada, pasa os días tentando aprazar a decisión de que facer coa súa vida. Na praia coñece a un matrimonio de octoxenarios noruegueses que parecen a solución aos problemas de Sandra.

Julián, un ancián que acaba de chegar de Arxentina, sobrevivente do campo de exterminio de Mauthausen, segue paso a paso as idas e vindas dos noruegueses. Un día Julián aborda a Sandra e revélalle detalles dun pasado que a Sandra só lle soan por algunha película ou algún documental: horrores en branco e negro que non teñen nada que ver con ela.

Clara Sánchez gañou o Premio Nadal con esta novela.

Comentario: 24 de abril

24 de abril: entregamos...



O sol do verán, de Carlos Casares

O suicidio do vital e atractivo Carlos aos 27 anos de idade desencadea os mecanismos do recordo en Helena, a muller que o atopou deitado na bañeira despois de se pegar un tiro. Helena, amiga do finado desde a infancia, repasa unha historia común que se remonta aos anos da nenez e as vacacións de verán compartidas.

Nostálxica, sentimental e tecida sobre o pano da memoria, O sol do verán reflicte a madurez absoluta do Casares narrador. Botando man dun monólogo interior moi medido e cun dominio maxistral na dosificación dos acontecementos, a novela vai desvelando unha complexa trama de relacións persoais, familiares e amorosas, matizadas pola represión moral, na que Helena vai aprofundando no seu intento de atopar sentido á traxedia.

Conmemoración do Día das Letras Galegas

**Comentario: 8 de maio
REMATE DE TEMPADA**